

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 24 DE  
SETEMBRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de setembro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, e dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.

Asiste dona Isabel M<sup>a</sup> Fuentes Torices, por delegación da interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, da revisión das tarifas a aplicar polo concesionario do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple**

Vista a proposta conxunta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal e do concelleiro delegado da área de Educación e Deportes de data 16 de setembro de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 22 de setembro actual.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación e Deportes, manifesta que a proposta conta co informe favorable da Intervención municipal, e que se trata dunha subida do 4%, cando segundo o contrato asinado, podería ter sido ata dun 14 %.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai manter o voto de abstención que xa emitiron na comisión informativa, xa que pensan que unha subida do 4% nestes momentos é algo excesivo, iso aínda que sexa certo que está dentro da legalidade facelo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que como xa dixeron na comisión, parécelles un pouco excesivo que se suba un 4,8%, tendo en conta, ademais, que cando se vai a piscina non é só por ocio ou deporte, senón que, ás veces, é un tema terapéutico. Moitas persoas por distintas circunstancias, ou por prescrición médica teñen que recorrer ás piscinas. Por iso lles parece que o incremento debería andar na órbita do IPC.

Di que son conscientes de que os pregos de condicións contemplan o que pode subir a empresa adxudicataria, entre outras cousas para poder manter ao seu persoal e á propia empresa, pero debería terse en conta o que xa dixo, esas actividades de rehabilitación e terapéuticas, así como a recuperación funcional. Por todo isto, aínda que poderían subir ata un 14%, consideran que o 4,8% é excesivo, que debería estar en torno ao IPC. Por conseguinte, vanse abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que se están atravesando uns tempos de crise profunda, aínda que por parte do goberno municipal deste concello non se estime que haxa un problema grave, pero que moitas familias e veciños e veciñas de Cambre si ven ese problema. Di que en Cambre suben as cousas bastante por enriba do IPC, non só se trata disto, senón que hai moitas outras cousas de servizos que se dan aos cidadáns, e por iso o seu voto vai ser en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, vota en contra o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a revisión das tarifas a percibir polo concesionario do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple, que quedarían como se detalla a continuación:

**Outubro 2009**

<b>Abonados</b>	
Abono Individual xeral	24,85
Abono Familiar	24,00
Cónxuxe	4,25
Fillos	4,25
Abono xóven	17,95
Abono 3ª idade e dism.	17,70
Abono matinal	17,00
Matrícula abonados	24,20
Mantemento Matrícula	12,50
<b>Non abonados</b>	
Entrada xeral	4,30
Entrada -18 anos	3,00
Entrada estudantes	3,00
Entrada 3ª idade	3,00
<b>Baño libre piscinas exteriores</b>	
1 días	2,90
1 día, -18 anos,estudantes,carné xoven, 3ªidade	2,60
<b>Programa deportivo municipal na Barcala</b>	
<b>Abonados</b>	
Natación bebés (1 día semana)	6,50
Natación escolar(1día semana)	5,20
Natación escolar(2días semana)	9,50
Natación 3ª idade (2 días semana)	9,50
Natación recuperación funcional (2 días semana)	9,50
Natación educación especial (2 días semana)	11,00
Matrícula	12,50
<b>Non Abonados</b>	
Natación bebés (1 día semana)	13,00
Natación escolar(1día semana)	10,40
Natación escolar(2días semana)	19,00
Natación 3ªidade (2 días semana)	19,00
Natación recuperación funcional (2 días semana)	19,00
Natación educación especial (2 días semana)	22,00
Matrícula	25,00
<b>Programa deportivo municipal en piscinas exteriores</b>	
Natación Iniciación Infantil	36,00
Natación Perfeccionamiento Infantil/adultos	36,00
Natación iniciación adultos	36,00

### **Novas actividades**

#### **Abonados**

Fitness (2 días semana)	10,50
Fitness (3 días semana)	15,00
Fitness (5 días semana)	23,00
Sesión	2,50
Natación adultos (2 días)	10,50
Natación adultos (3 días)	14,00
Matronatación (2 días)	11,00
Aquagym (2 días)	12,50
Aquagym (3 días)	16,80
Ed. F. de Base (1 día)	8,80
Ed. F. de Base (2 día)	14,50

#### **Non abonados**

Fitness (2 días semana)	17,70
Fitness (3 días semana)	24,60
Fitness (5 días semana)	38,00
Sesión	4,50
Natación adultos (2 días)	20,70
Natación adultos (3 días)	28,00
Matronatación (2 días)	21,80
Aquagym (2 días)	25,00
Aquagym (3 días)	33,20
Ed. F. de Base (1 día)	13,00
Ed. F. de Base (2 días)	20,80

Segundo: Comunicar a empresa Hebe Sport S.L. os acordos adoptados

### **2º Mocións**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**A) Moción respecto a declarar extinguido o contrato de consultoría e asistencia para a realización dos traballos consistentes na redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, formalizado coa empresa IDASA, Ingeniería del Atlántico, S.A. (hoxe EPTISA, Servicios de Ingeniería, S.L.)**

De orde do Sr. alcalde dáse lectura pola secretaria da corporación á proposta de Alcaldía de data 23 de setembro actual, que se transcribe literalmente a continuación:

“O pleno da corporación, en sesión ordinaria de 25 de xuño de 2009, adoptou os seguintes

acordos:

*“Primeiro: Tendo en conta o previsto no art. 199.1 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de contratos das administracións públicas, respecto a que a duración total dos contratos de consultoría e asistencia non poderá exceder de seis anos, e con base ao art. 112 c) da dita lei, acordar a resolución por mutuo acordo do contrato de consultoría e asistencia para a realización dos traballos consistentes na redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, formalizado coa empresa IDASA, Ingeniería do Atlántico S.A. (hoxe EPTISA, Servicios de Ingeniería S.A.) o 10 de decembro de 1997, iso motivado en que, segundo se deriva do expediente de resolución incoado, a demora na execución do contrato se deriva de circunstancias imputables tanto ao concello como ao contratista adxudicatario.*

*Segundo: Cumprimentando o acordo adoptado polo Pleno da corporación en sesión ordinaria de data 30 de abril de 2009, aboar a EPTISA a cantidade de 16.693,00 € polos traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, engadidos á elaboración do Documento de inicio do Plan xeral, por canto son os únicos que teñen relación co obxecto do contrato e teñen sido recibidos polo concello, iso de conformidade co establecido no art. 215.1 da Lei 13/1995, de 18 de maio.*

*Respecto da solicitude de abono do resto dos traballos, e toda vez que non teñen relación co obxecto do contrato de redacción do Plan xeral de ordenación municipal, a procedencia ou non do seu abono dirimirase, no seu caso, no correspondente expediente de recoñecemento de obrigas.*

*Terceiro: Devolver a garantía definitiva constituída por IDASA para responder da boa execución dos traballos, por importe de 1.400.000 pts., mediante aval núm. 1999 do Banco Central Hispano de data 9 de decembro de 1997, depositado na Tesourería municipal o 10 de decembro do mesmo ano.*

*Cuarto: De conformidade co establecido nos artigos 60.1 e 113.1 da Lei 13/1995 e artigo 26 do Real decreto 390/1996, de 1 de marzo, de desenvolvemento parcial da Lei 13/1995, dar audiencia a EPTISA por prazo de dez días naturais a contar dende o seguinte ao recibo da notificación para que, no dito prazo, amose a súa conformidade á resolución do contrato por mutuo acordo, e, en caso de opoñerse á resolución do contrato, motive a dita oposición.”*

Concedido trámite de audiencia por prazo de 10 días naturais, EPTISA, Servicios de Ingeniería, S.L. (antes EPTISA, Servicios de Ingeniería S.A.), presenta escrito de alegacións rexistrado de entrada ao núm. 9905, o 17 de xullo de 2009.

Con data 22 de xullo de 2009 emítase informe polo arquitecto municipal onde se fai constar que na cantidade de 16.693,00 € que o pleno da corporación acordou aboar a EPTISA polos traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto ambiental e paisaxístico, engadidos á elaboración do Documento de inicio do Plan xeral non se incluíu o IVE, polo que debe aplicarse o 16% de IVE, resultando a cantidade final a aboar de 19.363,88 €

Con data 4 de agosto de 2009 emítase informe pola secretaria xeral, con proposta de resolución, no que se fai constar que as alegacións presentadas por EPTISA o 17 de xullo de 2009 en nada desvirtúan o acordado polo pleno da corporación en sesión ordinaria de data 25 de xuño de 2009, agás no recoñecemento do aboamento do 16% do IVE aplicable a 16.693 €

Con data 10 de agosto de 2009 remitiuse o expediente completo para emisión de ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Con data 4 de setembro de 2009 rexístrase de entrada ao núm. 11615, escrito procedente do Consello Consultivo de Galicia, ao que se achega certificado do acordo adoptado polo pleno en sesión realizada o 2 de setembro, polo que se resolve devolver o expediente por falta de competencia, iso motivado en que, segundo transcripción literal:

*“... a Administración local poderá declarar extinguido o contrato polo transcurso do prazo máximo legal de duración, o que implicará a necesidade de pagamento ao contratista dos traballos, estudos e informes que efectivamente teña realizado con arranxo ao contrato e que fosen recibidos pola Administración, pero a discrepancia sobre as cantidades que resulten non dará lugar á intervención preceptiva deste Consello Consultivo, podendo resolver o órgano de contratación o que estime procedente unha vez que xa se deu audiencia ao contratista.”*

Visto canto antecede, a medio do presente formulo ao pleno da corporación a seguinte proposta de acordos a adoptar, logo da ratificación da declaración de urxencia da moción, iso motivado na necesidade de levar a cabo, á maior brevidade posible, a contratación dos traballos de redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas por EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. o 17 de xullo de 2009, por canto en nada desvirtúan o acordo adoptado polo pleno da corporación en sesión ordinaria de data 25 de xuño de 2009, agás no recoñecemento do aboamento do 16% do IVE aplicable a 16.693 € no que foron valorados os traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.

Segundo: Tendo en conta o previsto no art. 199.1 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de contratos das administracións públicas, respecto de que a duración total dos contratos de consultoría e asistencia non poderá exceder de seis anos, declarar extinguido o contrato de consultoría e asistencia para a realización dos traballos consistentes na redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, formalizado coa empresa IDASA, Ingeniería do Atlántico S.A. (hoxe EPTISA, Servicios de Ingeniería S.L.) o 10 de decembro de 1997, polo transcurso do prazo máximo legal de duración.

Terceiro: Aboar a EPTISA a cantidade de 19.363,88 € (IVE incluído) polos traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, engadidos á elaboración do Documento de inicio do Plan xeral, por canto son os únicos que teñen relación co obxecto do contrato e teñen sido recibidos polo concello, iso de conformidade co establecido no art. 215.1 da Lei 13/1995, de 18 de maio.

Respecto da solicitude de abono do resto dos traballos, e toda vez que non teñen relación co obxecto do contrato de redacción do Plan xeral de ordenación municipal, a procedencia ou non do seu abono dirimirase, no seu caso, no correspondente expediente de recoñecemento de obrigas.

Cuarto: Devolver a garantía definitiva constituída por IDASA para responder da boa execución dos traballos, por importe de 1.400.000 pts., mediante aval núm. 1999 do Banco Central Hispano de data 9 de decembro de 1997, depositado na Tesourería municipal o 10 de decembro do mesmo ano.”

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que isto é unha mostra de como funciona o Concello de Cambre. Xa se pode ler nesta moción, en dous puntos distintos, que este tipo de contratos non poderá exceder de seis anos. Este contrato vén do ano 1997, os seis anos cumpríronse no 2003.

Di que este punto fala de rescindir o contrato coa empresa que se contratou para redactar o Plan xeral, un contrato que leva 11 anos, e a realidade é que Cambre está sen Plan xeral, con todos os problemas que iso representa, cos problemas que xurden cada día, porque en Cambre non hai infraestruturas adecuadas, non hai accesos, rede de sumidoiros suficientes, en fin, moitísimas cousas que se resolverían de ter un Plan xeral.

Respecto do punto cuarto, no que se fala de devolver a garantía constituída por Idasa para responder da boa execución dos traballos, por importe de 1.400.000 pts, di que é unha sorpresa para eles. É unha moción de urxencia que se lles entregou hoxe e para eles é unha sorpresa que se vaia devolver unha garantía definitiva que está para responder da boa

execución dos traballos, uns traballos que custaron 40 millóns de pesetas, que se está rescindindo o contrato 11 anos despois, e que están sen Plan xeral. Di que el non sabe se iso é unha boa execución dos traballos, gustaríalle que lle aclarasen ese punto.

A Sra. secretaria informa que se trata dun punto que xa figuraba no acordo adoptado o 25 de xuño, e nos informes de Secretaría e Intervención que se achegaron para ese pleno, xa se facía constar que, dos informes que constan no expediente non se derivaba que o incumprimento do contrato tivera sido por causa culpable, única e exclusivamente, do contratista. A Lei de contratos só permite que non se devolva a garantía definitiva naqueles casos nos que a causa da resolución do contrato sexa, precisamente, a culpabilidade do contratista. Como no expediente non consta ningún informe no que se diga que o non cumprimento do contrato se deba unicamente ao contratista, no informe xurídico que se emitiu no se día pola Secretaría e Intervención municipais, fíxose constar, precisamente, que a lei obriga a levar a cabo a devolución da fianza.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que despois da exposición que fixo a secretaria queda claro que a empresa, despois de 11 anos, e despois de cobrar 40 millóns de pesetas, non é responsable de que o Plan xeral non estea aprobado hoxe. Entón, se a empresa non é responsable, pregúntase quen é o responsable.

Conclúe dicindo que, en todo caso, o PP vai votar a prol, porque queren que se rescinda ese contrato, queren que se volva a sacar a contratación, e que o próximo contrato se controle dende o principio e que non ocorra isto. Cambre necesita un Plan xeral e por iso van votar a prol.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que a posición do seu grupo tamén vai ser favorable. Efectivamente hai moita historia atrás, que todos coñecen, que está perfectamente documentada, pero eles van incidir e sinalar como importante o feito de que, dende que se iniciou ao longo deste ano o proceso de rescisión, agora están a rematalo, co acto que fan hoxe, con todas as condicións xurídicas e legais que ten que ter. É decisión política deste pleno rescindir o contrato dunha vez e iniciar novamente a contratación dunha nova consultora para que leve a redacción do Plan xeral. Iso é o importante agora, o demais está pasado, os cidadáns e cidadás de Cambre coñecen o que ocorreu aquí e no seu momento farán as súas valoracións. Agora hai que mirar para o futuro e non para o pasado.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que se atopan ante un novo proceso que, polo interese xeral dos veciños e do pobo de Cambre, debe axilizarse o máximo posible, de acordo sempre coa legalidade vixente, e en función



tamén dos acordos tomados con anterioridade en pleno. Por todo isto, o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el xa dixo noutro pleno pasado, con respecto a este tema, que dos informes técnicos do concello parecía derivarse que a empresa fixera todo ben, o concello tamén, a corporación polo que se ve tamén, así que, parece que os únicos que deberon funcionar mal foron os veciños, porque todos o fixeron ben, e os veciños son os que están sen o Plan xeral, e son os que sufren as consecuencias.

Sinala que como todo isto xa o dixo noutro pleno non se vai alongar máis neste, pero que si lle gustaría que se lle dixese se xa teñen preparadas as bases para facer un novo concurso para contratar este tema, e que prazo estiman para sacar a contratación o asunto.

O Sr. alcalde contesta que neste momento está o xefe da área de Urbanismo preparando as bases. Tan pronto teñan o borrador reunirán á Comisión de Urbanismo. O técnico espera telo rematado a finais de mes, e tan pronto estea manterán esa reunión.

Sometido o asunto a votación, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**B) Moción do grupo municipal de EU-IU para a sinalización dos edificios de servizos e instalacións municipais**

Rexistrada de entrada ao núm. 12456 o día 19 de setembro de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“Nos últimos anos, Cambre tivo un acelerado desenvolvemento urbanístico que veu acompañado da chegada constante de novos veciños/as ao municipio e da construción de diversos equipamentos públicos en distintas zonas do concello.

Ambas circunstancias, unidas á actual extensión do espazo urbano e á relativa dispersión das súas urbanizacións, fai que resulte bastante complicado para moitos veciños e visitantes coñecer a localización dos edificios e equipamentos municipais, xa sexan educativos, sanitarios, deportivos, culturais ou doutra índole, como é o caso dalgunhas instalacións deportivas, etc.

Na maior parte dos concellos do tamaño do noso é habitual atoparse con carteis indicativos dos seus lugares emblemáticos do concello, e dos seus equipamentos públicos, pero Cambre parece ser unha excepción. Algunhas instalacións do concello carecen de sinalización que permita localizalas con relativa facilidade, a non ser que se coñeza de antemán o seu emplacementso ou se utilice a técnica de preguntando vaise a Roma, que non sempre resulta efectiva.

Por outra banda, a ausencia de sinais sobre o emplacementso dos lugares públicos contrasta coa abundancia das que indican a localización de numerosos negocios privados, que nalgúns casos afean bastante o espazo urbano e non sempre se atañen aos requisitos regulados nas ordenanzas correspondentes.

Foron numerosas as queixas que nos transmitiron os veciños/as, tanto recentemente chegados como os que visitan por primeira vez o concello, pola inexistencia de sinalización para poder localizar algunha instalación, por exemplo, os campos de fútbol de Cambre e Cecebre, cuestión que xa temos manifestado con insistencia.

Polo exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: Que, tras o estudo pertinente polos servizos técnicos municipais, se acometa canto antes a adecuada sinalización dos emplacementsos de edificios, servizos e instalacións municipais, ao obxecto de facilitar a súa localización.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que, dende o goberno municipal, están de acordo co contido desta moción, pero que lles gustaría puntualizar algunha cuestión. Di que en moitos dos casos os problemas de sinalización son por exceso, e por falta de homoxeneidade, porque as sinalizacións son de distintos tipos. A raíz desta iniciativa hoxe presentada, e por outras que xa están en marcha, o que hai que facer é un esforzo por homoxeneizar, sobre todo porque tamén hai un Decreto da Consellería de Industria do ano 2008 que ía precisamente no camiño de normativizar todo este tema.

Tamén teñen en marcha dous plans de sinalización, un está vinculado ao Plan comarcal de turismo no que Cambre está integrado, con Consorcio das Mariñas, o Concello de Betanzos

e A Coruña, e que se vai iniciar en breve. Xa están definidos os carteis para sinalizar os elementos máis importantes de carácter turístico e patrimonial.

Por outra parte, hai outra actuación dentro do Consorcio das Mariñas, tamén de instalación de sinalización turística homoxeneizada. Ou sexa, que hai varios aspectos sobre sinalización que xa se van abordar de maneira inmediata. En todo caso, coa aprobación da moción mirarán os sitios onde falta, ou os sitios onde igual sobran sinais, ou hai que poñer outro tipo delas, para completalo co fin de que a sinalización sexa o máis perfecta e eficiente posible.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que el falaba na moción de “con insistencia” porque, máis ou menos, aínda que esta vez sexa a máis completa, é a terceira vez que traen o tema.

Di que a el e aos veciños de Cambre, lles fastidia moitísimo que cheguen, sobre todo visitantes, e que se queiran desprazar a un sitio determinado, por exemplo ao campo de fútbol de Cambre, e teñan que estar dando voltas pola estación ata que se enteran onde está o campo, no descanso ou cando xa terminou o partido. Ese é un exemplo, pero o mesmo pasa co Once Caballeros, co de Cecebre, e con outras instalacións como pode ser a Fundación Wenceslao Fernández Flórez, o centro de saúde do Temple ou unha biblioteca.

Conclúe dicindo que agarda que esta moción siga o trámite pertinente, e que no menor prazo posible se acometa a sinalización.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol, sobre todo porque fai aproximadamente un ano, presentaron unha moción, que foi aprobada por unanimidade, para a mellora da sinalización en todo o concello. Esa moción, como outras moitas aprobadas por unanimidade, estará durmindo o sono dos xustos. Dixeron que os servizos técnicos estudarían o tema, farían unha proposta, pero pasado un ano non hai ningún tipo de resposta.

Conclúe dicindo que van votar a prol da moción porque é complementaria da anterior.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol da moción.

Sometido o asunto a votación, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde expón que teñen sobre a mesa unha moción do PP que quedara pendente dun pleno anterior, porque facía falta un informe de legalidade da Secretaría municipal. Dado que a secretaria da corporación non tivo tempo material para facelo, pregunta se desexan tratala ou deixala para o próximo pleno.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que a moción presentouse o 30 de xullo de 2009, e están a 24 de setembro, e o informe non está. Non obstante, di que sería interesante tratar a moción, porque senón vai terminar a lexislatura e vai estar sen debater.

O Sr. alcalde di que, entón, pase a lela.

### **C) Moción do grupo municipal do PP sobre a vixencia en Cambre do Pacto contra o transfuguismo**

Consta do seguinte teor literal:

“O pasado 27 de xullo fíxose público que a dirección local do Bloque Nacionalista Galego solicitaba aos órganos do seu partido a expulsión das filas nacionalistas dos seus catro concelleiros no Concello de Cambre. Sen entrar a valorar a crise interna que sofre o BNG no noso municipio, que só a esa forza política lle compete resolver, debe ter transcendencia para esta corporación a cualificación de tráfugas que os órganos de dirección locais teñen feito sobre os concelleiros nacionalistas. E isto debido a que é unha obriga ineludible das forzas políticas deste municipio cumprir e facer cumprir o Pacto contra o transfuguismo.

O Pacto contra o transfuguismo foi subscrito fai xa 11 anos polas principais forzas políticas de España e foi ratificado definitivamente no ano 2006 por ata dezaseis partidos, entre os que se atopan o Partido Popular, o Partido Socialista Obrero Español, Izquierda Unida e o Bloque Nacionalista Galego. O seu principio inspirador e o eixe sobre o que xira este acordo é o de manter o compromiso entre todas as forzas políticas de que ningunha delas tolerará que os seus responsables públicos utilicen a política e os recursos públicos a nivel local para fins e intereses persoais, traicionando desta maneira a posición dos órganos democráticos internos que apoiaron as súas candidaturas. Esta é unha obriga mínima que todos os partidos de España temos acatado e estamos na obriga de cumprir.

Entre os acordos adoptados no Pacto contra o transfuguismo atópanse os seguintes:

“Para os efectos do presente Acordo, enténdese por tráfugas aos representantes locais que, (...) apartándose individualmente ou en grupo do criterio fixado polos órganos competentes das formacións políticas que os presentaron, ou tendo sido expulsados destas, pactan con outras forzas para cambiar ou manter a maioría gobernante nunha entidade local, ou ben dificultan ou fan imposible á dita maioría o goberno da entidade.

As medidas previstas neste Acordo con respecto aos tráfugas, serán igualmente de aplicación a aqueles membros das entidades locais que se beneficien da súa conduta.”

“Igualmente, os partidos políticos comprométese a non aceptar nos seus equipos de goberno municipal a membros da corporación que se teñan convertido en tráfugas con respecto aos seus grupos de procedencia, e rexeitan a posibilidade de que por parte do alcalde se efectúe calquera nomeamento político que implique atribucións de goberno ou delegación xenérica ou especial delas, cos conseguintes dereitos políticos e económicos, en prol dos tráfugas.”

Nesta sesión do pleno (*neste punto o concelleiro do PP aclara que están a falar dunha moción que se presentou fai dous meses*) acábase de dar coñecemento a toda a corporación municipal das resolucións de Alcaldía que atribúen aos concelleiros sospeitosos de transfuguismo distintas competencias de goberno. Como tamén establece o acordo subscrito en 2006, é o partido baixo cuxas siglas se teñan presentado os concelleiros sospeitosos, o que debe aclarar publicamente as sospeitas de transfuguismo. Polo tanto, esta corporación, composta na súa gran maioría por partidos que defenden e manteñen vixente o pacto antitransfuguismo, debe esixir ao BNG que cumpra cos seus compromisos e que aclare se algún dos seus concelleiros ten que ser considerado un tráfuga; e pola súa parte ao alcalde, debemos esixirlle que revoque todas as competencias delegadas neses concelleiros ata que se aclare a súa situación e, en caso de que o seu partido os declare tráfugas, que se negue a incluílos na xunta de goberno e a delegarlles competencias de goberno algunha.

Por estes motivos, os concelleiros do Partido Popular de Cambre propoñemos ao pleno da corporación para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O pleno da corporación municipal de Cambre acorda ratificar o contido íntegro do Pacto contra o transfuguismo asinado polas principais forzas políticas de España o 23 de maio de 2006.

Segundo: As forzas políticas representadas neste pleno comprométense a aplicar e esixirse reciprocamente o cumprimento dos acordos adoptados no marco da loita contra o transfuguismo.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o Sr. Cubeiro ten demostrado nos últimos tempos, en numerosas ocasións, e así está recollido nas actas, que calquera cousa lle vale para intentar levar a auga para o seu muíño. Sírvelle citar a familias, meterse na vida privada, calquera cousa, incluso utilizar un rumor e unha filtración interesada, non sabe de quen, que aparece publicada nalgún medio, ou en blogs que circulan pola rede, para así montar a súa campaña política.

Di que é simplemente alucinante que o representante do PP veña a intentar dar leccións do que é o transfuguismo ou a chamar a atención para que se cumpran determinadas cousas, cando o PP precisamente agora ten casos como o de Silleda, e tivo moitos outros, en Abegondo, Gondomar, e outros máis.

En todo caso, di que quere aproveitar para solucionar este tema dunha vez por todas. O grupo municipal do BNG é o grupo municipal do BNG. Está autorizado e amparado pola súa organización para facer o que está facendo. O alcalde de Cambre é alcalde de Cambre, entre outras cousas, porque a dirección do BNG, cuxas directrices seguiu estrictamente o seu grupo municipal, e froito do pacto que fixeron o PSOE e o BNG en Santiago tras as últimas eleccións municipais, prohibiulles presentar candidatura propia, neste salón de plenos, precisamente para que non houbera a posibilidade de que outros grupos os puideran apoiar, e arrebatarlle a Alcaldía á forza máis votada. Polo tanto, non hai ningún tipo de incumprimento das directrices en canto ao alcalde ou á formación do goberno municipal en Cambre, ningún.

Continúa dicindo que a semana pasada a dirección comarcal do BNG reuniuse para tratar este tema, dada a trascendencia que collera nalgúns ámbitos. A resolución que adoptou foi, por unanimidade, rexeitar ese tipo de valoracións que saíron filtradas de maneira interesada, nos medios de comunicación, os cales, por suposto, non teñen a culpa porque teñen que recoller o que lles chega. É dicir, avaliouse perfectamente a actuación do BNG con respecto ao goberno municipal de Cambre.

Di que iso está todo perfectamente, outra cousa é que pode haber opinións diverxentes, pero que iso é boa cousa, porque as forzas políticas tampouco necesitan ter unanimidade en todas as súas actuacións. É bo que haxa discrepancias, e mesmo ata non é malo que ás veces trascendan.

Continúa dicindo que o Sr. Cubeiro xa lles demostrou o que é, e cal é o seu estilo de facer política, e isto é unha cuestión máis. O concelleiro popular cita situacións internas dos partidos, dicindo que non quere entrar nelas, pero as cita. Di que el tamén podería dicir, aínda que non o vai dicir, que precisamente o grupo popular en Cambre, se cadra non é o exemplo desa unidade de acción que parece que todos se reclaman, porque tiña un cabeza de lista, que descabezan como voceiro, nomean unha voceira, aínda que logo o voceiro non se saiba moi ben quen é, porque é outra persoa a que intervén habitualmente. Di que, en todo caso, iso que acaba de dicir o vai retirar, porque cada grupo terá que amañar a súa casa por dentro.

Engade que el tamén se suma a ese chamamento político de que as forzas políticas deben deixar ese tipo de historias e debates, arranxar as cousas, porque aquí non están para airear trapos, nin para lavar a roupa, senón que están para defender os intereses dos veciños e veciñas que os votaron, e tamén dos que non os votaron, e para ser eficaces e eficientes no seu traballo. Iso é ao que se van a dedicar, e para o grupo do BNG este tema está rematado.

Con respecto á moción di que non están en absoluto de acordo. Parécelles absolutamente intolerable a redacción da parte expositiva. En canto á parte dispositiva, con eses dous puntos non hai ningún problema, pero queren facer a proposta de engadir un terceiro punto. Parécelles importante, porque facer declaracións filosóficas en abstracto está moi ben, pero realmente están dicindo cousas e ao mesmo tempo non están dicindo nada.

Di que hai que dicir cousas, e por iso propoñen que se engada ese terceiro punto á parte dispositiva no que se diga que o pleno da corporación municipal de Cambre expresa a súa condena polos casos de transfuguismo ocorridos en Galicia nos últimos tempos, algúns deles tan próximos como o acontecido en Sada na pasada lexislatura, ou o máis recente de Abegondo, aos que hai que sumar os casos de Gondomar, Mos, Calvos de Randín ou Pobra de Trives, nesta mesma lexislatura.

Di que todos saben cales son as siglas que participaron neses supostos, aínda que prefire non citalas no texto. Por todo isto, pídelles que, para votar a prol da moción, retiren a parte expositiva, e que manteñan a parte dispositiva engadindo ese terceiro punto.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que para non querer falar dos problemas doutros partidos, falou en voz bastante alta. Pregunta que problema hai en aprobar a moción como está, en preguntar ao BNG se están no partido ou non. Di que os concelleiros do BNG están cobrando, custándolle aos veciños de Cambre 200.000 euros, e polo tanto, si que lle atinxe aos veciños de Cambre saber o que pasa.

Conclúe dicindo que a moción é a que é, e que vai ter que votala tal e como está.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo non quere entrar en ningún tipo de valoracións, sobre todo non queren meterse na organización interna doutros partidos, porque o que máis e o que menos ten algo.

Di que xa lle manifestou a algúns compañeiros que non están para nada de acordo coa exposición de motivos que se fai, aínda que si o están cos dous puntos da parte dispositiva, porque o seu partido é un dos que votou a prol do Pacto contra o transfuguismo.

Quere preguntarlle ao Sr. alcalde se ten algún tipo de coñecemento de que os concelleiros do BNG de Cambre teñan sido expulsados do seu partido, ou teñan algún tipo de expediente, porque nese caso o alcalde tería motivo para tomar algún tipo de medidas.

Di que el tampouco ten constancia de que este problema teña sido trasladado e denunciado á Comisión Antitransfuguismo, que é a onde se teñen que remitir este tipo de problemas, é máis, o grupo de EU-IU, e non quere facer de avogado do diaño neste caso, non ten ningún coñecemento de que os concelleiros do BNG estean fóra da súa organización. Non teñen ningún coñecemento diso, salvo o que xa se dixo aquí das noticias aparecidas nos medios de comunicación.

Conclúe dicindo que, para EU-IU, o grupo municipal do BNG é totalmente lexítimo nesta corporación. Por conseguinte, como xa dixo, están de acordo coa parte dispositiva da moción pero, en ningún caso, coa exposición de motivos. Se se mantén a moción así, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el non vai entrar neste tema, porque deste tipo de cuestións hai para todos, e en todos os partidos, dependendo de cada sitio. Francamente non lle interesa entrar neste tipo de política nun pleno municipal.

O Sr. alcalde manifesta que, en contestación á pregunta do voceiro de EU-IU, quere sinalar que non consta no concello ningún tipo de escrito, nin ningún outro coñecemento sobre este asunto, o único que hai é o rumor que se leu na prensa. Non hai ningún escrito da dirección do Bloque no concello.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que como xa dixo antes para el aquí rematou este tema, pero que quere facer constar diante de todo o mundo, e para que conste tamén na acta, que se algo lles caracteriza ás catro persoas que representan aquí, neste momento, ao BNG, é a dignidade, a honradez, e as prácticas absolutamente incorruptibles. E iso non llo está dicindo ao Sr. Cubeiro, senón que llo está



dicindo a todo o mundo e para que conste. Di que eles se presentaron a unhas eleccións na candidatura do BNG. Iso é o que están representando neste momento, cando en calquera momento, agora ou máis adiante, a organización pola que se presentaron desautorice a súa actuación, eles retiraranse da corporación. Eles van estar nesta corporación, representando ao BNG, sempre que teñan o respaldo e o aval da súa organización. No momento en que os desautoricen, ou que estean en contra da súa actuación, retiraranse, porque de tráfugas, nada.

O Sr. alcalde, á vista do que dixeron os outros compañeiros, pídelle ao Sr. Cubeiro que se retire a exposición de motivos e que se aproben os puntos nos que todos están de acordo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que esta moción se presentou fai un par de meses. Primeiro había un acordo para aprobar uns orzamentos co PP, que non lle custaban nada aos veciños de Cambre. Sorprendentemente retiráronse eses orzamentos e aprobáronse outros onde hai uns salarios que representan, anualmente, 200.000 euros. Cando menos é asombroso. Nesas datas leron en prensa que a nova directiva do BNG en Cambre desautorizaba aos seus concelleiros a aprobar os orzamentos. Logo houbo un pacto. Di que é evidente que eles teñen que preocuparse, e queren saber que pasa. Ao Sr. alcalde teríalle sido moi fácil dicirlles antes o que lles dixo hoxe, non obstante, pasaron dous meses. Pregunta por que non llelo dixo antes.

O Sr. alcalde contesta que non hai que confundir, que o outro día no pleno preguntoulles se querían lela.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que o Sr. alcalde non permitiu ler esta moción no seu día, porque era preceptivo un informe. Ese informe non existe aínda, pero o Sr. alcalde, con independencia do informe ou non, si podería ter dito algo.

O Sr. alcalde di que el, loxicamente, adoita ser bastante cauto, que esperou por se había ou entraba algún escrito por rexistro do concello. Non entrou nada, e demostrouse que todo foi un comentario, que puido facer moito dano, pero foi o que houbo. Volve dicirlle que si o PP retira a exposición de motivos, eles aproban os puntos da moción.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que despois de dous meses, dende logo non a modifican.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, votan en contra os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por once votos en contra, rexeitou a moción presentada.

Antes de pasar ao seguinte punto, o Sr. alcalde manifesta que quere puntualizar que o informe non está sen facer por capricho, senón porque todos saben que a secretaria se incorporou das súas vacacións este mesmo luns, e non tivo tempo material a facelo. Quere deixar constancia de que non se trata dun deixamento da Sra. secretaria.

### **3º Informes da Alcaldía**

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Das notificacións efectuadas aos membros da corporación que desempeñan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial. Constan as aceptacións do Sr. alcalde, de dona Erundina Prado Arcay, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo e dona Gumersinda Becerra Montes, con data 10 de setembro de 2009, a aceptación de dona Carmen Tato Lago o 14 de setembro de 2009, e a aceptación de don Antón Otero Domínguez o día 25 de agosto de 2009.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1650, de data 16 de setembro de 2009, que consta do seguinte teor literal:

Tendo previsto ausentarme do termo municipal dende o día 17 ata o 20 de setembro, ambos os dous inclusive, e de conformidade co establecido no artigo 60 do Regulamento orgánico municipal, resolvo:

Primeiro: Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, que as exercerá durante o período anteriormente citado.

Segundo: Notifíquese a presente resolución ao interesado, dease conta á corporación mediante comunicación escrita ao voceiro de cada grupo político, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1661, de data 21 de setembro de 2009, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don José Venancio Salcines Cristal dende o día 21 ao 25 de setembro do ano 2009, ambos os dous incluídos a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 22 de xullo de 2009.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.

#### **4º Rogos e preguntas**

##### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 12459 o día 19 de setembro de 2009.

1º Veciños de Cecebre esixen unha solución ao peche do camiño público situado na zona dos Castros do Bosque. Esta situación ten sido denunciada polos veciños mediante recollida de sinaturas e varias denuncias interpostas. Outro atraso similar ocorre en Brexo-Lema onde a demanda dun veciño está sen resolver dende fai cinco anos. Sobre este asunto preguntamos nas comisións informativas do mes de maio, sen resposta. Voltamos facelo no mes de xullo, dicíndonos que nos contestarían por escrito, estando sen resposta a día de hoxe. Por último, a demanda doutro veciño con referencia 411-S93 en Lamiño, Cambre sobre a roza duns terreos, vai polo mesmo camiño de abandono municipal, porque se inician as denuncias por escrito en marzo de 2007. Por este motivo, rogamos nos informe da situación en que se atopan os ditos expedientes e tome as medidas oportunas para a solución dos conflitos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que se trata dun rogo denso, xa que se trata de tres asuntos. Di que ten información sobre dous deles, e engade que sobre este asunto preguntaron xa a semana pasada, así que lle parece que están realmente preocupados polo tema.

Sinala que, con referencia ao camiño dos Castros do Bosque, alí non hai ningún camiño público que estea pechado, é máis, en xullo do 2007 á propietaria do terreo lindeiro coa urbanización concedeuselle unha licenza de obra menor para o peche. Esa licenza conta cos informes urbanísticos e xurídicos que avalían a solicitude. Di que o feito de que nesa zona existira un sendeiro que a xente utilizaba de maneira habitual non quere dicir que iso fora propiedade pública, nin que supuxera o establecemento dun dereito. Polos datos que hai no expediente, en todo caso, é un conflito que pode haber entre particulares, e que se terá que dirimir noutras instancias. O camiño non está recollido dentro do inventario municipal, e como xa dixo, fai dous anos concedeuse unha licenza que contaba con todos os informes preceptivos, polo tanto, non hai caso, non é un camiño público, nin é competencia municipal.

Continúa dicindo que, respecto do tema de Brexo, o 22 de abril de 2009 hai unha orde do Departamento de Urbanismo, unha cuestión de disciplina urbanística, para que se leve a cabo a roza e a curta dunha serie de elementos dun terreo particular. Lévese a cabo a notificación, e hai un informe dun técnico municipal no que se di que xa se cumpriu parcialmente esa orde de execución. Posteriormente, o 15 de xullo, e en vista de que só se cumpriu parcialmente, solicitouse un orzamento a unha empresa externa para que valore o diñeiro que custaría o remate do traballo pendente.

Con respecto ao terceiro tema polo que pregunta o PP, o que se refire a Lamiño, e do cal dan un número de referencia, di que é de agradecer, porque parece que anotaron unha das recomendacións que lles fixo no último pleno, pero que a referencia que dan, 411-S93, é unha referencia sobre o tipo de documento, non é a referencia do expediente, e foi imposible localizalo no pouco tempo que houbo, así que lles prega que lle indiquen o lugar exactamente, ou se o saben, que lle faciliten o número concreto do expediente, para que no vindeiro pleno, ou antes, lles poida informar de onde está o expediente para que o poidan consultar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que o camiño de Cecebre é unha denuncia que ven do ano 99, presentada por unha asociación veciñal que achegou sinaturas. Di que se é certo que ese non é un camiño público, e que xa fai dous anos que se autorizou unha obra, entón non estaría de máis comunicarllo a esa asociación veciñal, porque se non se fai así, os conflitos non rematan nunca.

Con respecto ao terceiro punto, di que esa é a referencia que eles teñen e que, por outra banda, con iso non lle están facendo ningún favor ao Sr. concelleiro. No último pleno o PP preguntou polo camiño de Cecebre e non se lles respondeu porque non tiña referencia, pola contra, o Partido Galeguista fixo unha pregunta na que dicía que se estaban realizando unhas obras nun camiño de Sigrás, e esa si que a puideron contestar. Unhas obras nun camiño de Sigrás si saben de que obras se fala, un camiño en Cecebre con denuncias dende o ano 99, aí é necesaria a referencia. Di que é evidente que son ganas de non contestar.

2º Veciños de Andeiro denuncian que non hai sinalización co nome dos lugares, coa dificultade que iso representa para os que descoñecen a zona. O Partido Popular presentou unha moción, aprobada por unanimidade, para a mellora da sinalización en todo o concello. Rogamos nos informen en que estado se atopa o desenvolvemento da citada moción.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que cre que co debate que tiveron sobre a moción que presentou para este pleno EU-IU queda isto xa, dalgunha maneira, contestado. Xa dixo que con referencia aos elementos con valor histórico e turístico, xa hai un plan en marcha, e que se comezarán a colocar os sinais de inmediato. Respecto do demais, acaban

de adoptar o compromiso de revisar como está todo o tema da sinalización no concello para melloralala, incluído Andeiro, dende logo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que eles preguntaban como estaba o desenvolvemento da súa moción, evidentemente esa moción, como dixo antes, está durmindo o sono dos xustos.

3º As obras de renovación da tubaxe de abastecemento de auga en Sigrás, dende o Mesón Vasco a Aián, levan paralizadas dende mediados de agosto. Nunha estrada estreita, con gabias profundas coa única protección duns valos mal colocados. Rogamos tomen medidas inmediatas para a mellora da seguridade e finalicen as obras.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que houbo un parón na obra, pero tanto dende a Concellería de Obras, como os servizos técnicos, estiveron enriba da empresa e da dirección de obra para que continuasen. No mes de agosto tiveron algún problema de subministración dalgúns dos elementos que tiñan que instalar, e por iso paralizaron, agora xa levan practicamente todo o mes traballando.

Di que se trata da obra de reparación de redes de abastecemento dende o Mesón Vasco ata o pazo de Barrié, e no Gaitero ata a estrada de Culleredo. É unha das obras do plan FEIL, e segundo lle din os técnicos que a están dirixindo, nuns 15 días estará practicamente rematada. Di que hai un problema en todo o percorrido, nunhas zonas máis que noutras, polo feito de que non hai sendas nin beirarrúas, polo cal, aínda que sigan o plan de seguridade que lles marca o proxecto, agrávase o problema que existe, non obstante, aproximadamente en 15 días estará rematado.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 12457 o día 19 de setembro de 2009.

1º Ante a chegada do outono e as consecuentes choivas, considera o noso grupo a necesidade de poñer en marcha un plan para a revisión e limpeza dos sumidoiros, activando os medios necesarios e suficientes para evitar inundacións no concello, levando a cabo a limpeza da sucidade acumulada na rede de sumidoiros e pluviais.

Con estas medidas pensa o noso grupo poderían evitarse danos en sotos, garaxes, portais, baixos comerciais, etc.

Pregamos se adopten as medidas preventivas e se realice un plan de limpeza especial nos termos expostos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a rede de pluviais a xestiona directamente o concello, non está na contrata, como está a rede de abastecemento e saneamento. Di que é certo que non hai establecido un plan de limpeza de pluviais, non hai un plan sistematizado que teña unhas rutinas e protocolos de actuación todos os anos, pero os medios propios non o fan posible, porque non hai suficiente persoal na brigada municipal que se poida dedicar a iso.

Continúa dicindo que, de todas maneiras, na zona do Temple toda a rede está practicamente limpa, por mor das distintas actuacións que se fixeron polo plan de detección de vertidos á rúa, cando se estiveron localizando enganches piratas de fecais a pluviais. Tamén se están facendo outras actuacións en sitios onde se localizan problemas e, efectivamente, terase en conta a idea de facer un plan global, o que pasa é que hai dificultades materiais, pola capacidade humana que poida ter o concello de dedicar un grupo de persoas durante moito tempo, todos os anos, a este tema. Di que o que se están facendo son intervencións puntuais en sitios que se localizan, estes mesmos días.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que só quere poñer un par de exemplos. Di que o concelleiro de Obras falou da zona do Temple, e que nesa zona hai unha rúa paralela á rúa Constitución, que xa foi obxecto de 6 ou 7 rogos e preguntas noutros plenos, onde os sumidoiros están totalmente atascados, hai un desnivel no que a auga se acumula, e, en moitos casos, incluso cando pasan camións, a auga vai parar a uns baixos que hai ao lado.

Por outra parte, di que, tendo en conta o gran número de obras que se están a realizar nestes momentos no concello, as empresas non desenvolven o traballo como deberían facelo, e pode observarse como hai cascotes e restos na tubaxe que agora, ao chegar as choivas, van a ocasionar problemas.

Conclúe dicindo que se trata de que tomen nota deste asunto, e así poder curarse en saúde.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta se o da rúa Constitución se refire á zona preto da praza Manuel Murguía, porque aquela zona está aínda sen rematar.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que non quixo dicir rúa Constitución, que quería referirse á rúa paralela á rúa Polígono, na zona da explanada que pensa vai ser para o centro de saúde. Di que é unha rúa que foi obxecto de rogos e preguntas, e quere insistir na sucidade que hai, na cantidade de entullos, e na non sinalización, porque hai continuamente camións que saen por alí sen que estea delimitada cal é a obra e cal é a estrada.

2º Na estrada de San Lourenzo-A Rocha, nas inmediacións do lugar da Torre, existe un camiño con pronunciada pendente que dificulta gravemente a visibilidade na incorporación á estrada dos vehículos procedentes do lugar dos Castros que conta aproximadamente con 10 casas, sendo esta vía o acceso habitual e servizo aos veciños/as, que se ven sometidos diariamente ao risco permanente de accidentes.

O noso grupo prega se instale no lugar máis axeitado un espello de seguridade que facilite a incorporación dos vehículos nas mellores condicións de seguridade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que supón que se trata do camiño que ten o número 173 no viario municipal. Di que é certo que é un camiño cunha gran pendente, debido á orografía da zona, e que a intención que tiñan os técnicos, e que estaba xa prevista, era que cando se renove o firme, intentárase reducir o desnivel que existe no encontro das dúas estradas.

Continúa dicindo que os técnicos tamén recollen a idea do espello, pero que sinalan que non sempre son os espellos a única nin a mellor solución para este tipo de problemas. En todo caso, van estudalo, e se é necesario, instalarase.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que lle parece interesante esa obra que se pretende facer alí, para reducir o desnivel, é importante, sobre todo nestes momentos nos que hai que ter en conta o risco que están sufrindo os veciños que, todos os días, teñen que acceder á estrada.

3º Rematada a reforma e acondicionamento da praza Manuel Murguía e o seu contorno, observamos que a súa utilización é inadecuada, motivado no aparcamento indiscriminado de vehículos e a ocupación inaxeitada da praza, que a pesar de facerse un investimento considerable de diñeiro non se corresponde o seu uso co fin pretendido.

Pregamos se tomen as medidas pertinentes para ordenar o uso e utilización da praza.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa comentou anteriormente que esa obra non está rematada. Di que pensa que todos os grupos, e o goberno, teñen falado abundantemente dela. Estanse dando os últimos pasos para o seu remate, coa dirección de obra, para que se faga a medición definitiva da obra feita, para poder liquidala. Tamén se incorporaron elementos de mobiliario urbano non previstos no proxecto.

Conclúe dicindo que, con respecto ao tema da seguridade, están agardando a liquidala e recepcionala definitivamente porque xa se fixo o acopio duns bolardos e sinais para, unha vez superado ese trámite, poder instalalos na praza conforme ao proxecto aprobado.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que pensan que o máis grave é o tema do aparcamento indiscriminado. Esa praza, que custou unha barbaridade de cartos, é un espantallo, como xa recoñeceu a anterior responsable da concellería. Agardan que se solucione ese tema do aparcamento, pero tamén é grave o tema do tránsito de coches, que non está delimitado, e o firme é exactamente igual, na zona peonil que na zona pola que pasan os coches, o cal é un risco importante, sobre todo para os que supostamente van gozar dese contorno. Di que, xa que están intentando humanizar a zona do Graxal, ese sería un bo sitio para comezar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non vai entrar nos cualificativos do proxecto, xa que iso é cuestión de gustos, pero en todo caso, van procurar que todo ese proceso, que foi fundamentalmente debido á mala sorte coa empresa adxudicataria, se remate canto antes. Con respecto á seguridade, en canto estea recepcionada a obra, pasarase a sinalizar a zona peonil, e a zona para os vehículos.

### **Rogos do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 12448 o día 18 de setembro de 2009.

1º Despois de que fai aproximadamente un ano, se iniciase o expediente para a rescisión do contrato coa empresa encargada da redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre. Rogo se informe da situación actual deste expediente.

Dáse por contestada.

2º Rogo se informe de cales son as fontes do municipio que se ten pensado arranxar cos 120.000 euros previstos para este fin.

Dona Gumersinda Becerra Montes contesta que estará encantada de darlles a información, pero que aínda non teñen os datos. Di que fixeron un encargo a unha empresa para que presentase as memorias valoradas, e ata que as teñan non poden decidir en que fontes en concreto van facer o investimento.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que agarda que, polo menos, se arranxe algunha fonte en todas e cada unha das parroquias, non só as de determinados sitios.

Dona Gumersinda Becerra Montes di que non se van arranxar as fontes de ningún en particular, de ningunha parroquia en concreto, aínda que talvez a palabra arranxar non sexa



a palabra exacta, porque en moitos casos é simplemente recuperar, ou poñer en valor. O criterio que se vai seguir é o de patrimonio histórico-artístico. Tamén aproveitarán para facer o catálogo de todos os elementos etnográficos, ou que teñan que ver co patrimonio histórico-artístico, e sinala que se trata da posta en marcha dunha concellería que está empezando.

3º Rogo se informe das actuacións que se teñen pensado levar a cabo cos plans de humanización do Temple e a Barcala.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a máis importante, xa está iniciada, está contratada a redacción do proxecto da rúa Pígara e Padre Feijoo. Vai ser a intervención máis importante con cargo ao proxecto Arume, sobre uns 400.000 euros, que servirán para renovar todas as infraestruturas da rúa, meter un colector de pluviais dende a N-VI ata a rúa, e aproveitar para, en superficie, reformar e darlle outro tipo de tratamento a esa zona.

Continúa dicindo que haberá outro tipo de actuacións con cargo ao programa Arume, e o que van iniciar, nun tempo moi breve, igual a vindeira semana, é un proceso de diálogo, para que á parte dos criterios do propio goberno, recoller as opinións das entidades organizadas daquela zona, e tamén dos grupos municipais para que acheguen ideas.

Di que tamén vai haber outra serie de actuacións e que, agora mesmo, os técnicos municipais están recollendo outro tipo de incidencias menores, de reclamacións, ou de problemas que existen tanto no Temple, como na Barcala, para que, con medios propios, a través das brigadas de obras, de persoal municipal, a partir de finais deste mes e ata que sexa necesario, poñerse a traballar para preparar esas zonas, con intervencións xa de menos envergadura, e que se poden facer con medios propios.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

1ª O camiño que vai dende A Barcala á Casilla de Carro, no cruzamento coa estrada de Cambre ao Temple, ten unha gabia de 10 cm de profundidade dende o mes de xullo debido ás obras do Plan E. Cando pensan solucionalo?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esta tamén é unha obra con cargo ao FEIL, concretamente a reparación de redes de abastecemento dende a Volta das Carrozas ata A Barcala e, efectivamente, na entrada do camiño que se desvía cara a Fontenla, está a gabia sen acabar a súa cubrición, está formigonada e o que lle falta é a capa de rodadura. A reposición dos firmes definitivos van facelos todos xuntos en canto se remate a obra, que se estima será nuns 15 días.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que ese camiño ten un tráfico moi elevado para ser un camiño como é. Trátase dun cruzamento nunha curva, e por iso cre que debería ter un trato especial, e se xa está formigonado, botar o asfalto para que non cree problemas. Pensa que noutros lugares pode que o asfalto poida esperar, pero que nese lugar debería ser prioritario.

2ª Fai máis dun ano advertimos que nese mesmo camiño, preto da Casilla de Carro, hai unha tapa dun sumidoiro que coa presión debido a que tamén recolle pluviais, se levanta, sendo un perigo para a circulación ademais de todo o que aflora da rede de sumidoiros. Pensan arranxalo antes de que se rexistre un accidente?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, efectivamente hai un pozo, moi preto da saída da estrada AC-214, que cando entra en carga, como é co tema das choivas, salta a tapa. Sinala que para solucionalo vaise colocar outro tipo de tapa, con bisagras e pechadura. Di que xa está previsto.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que iso leva así máis dun ano, cando chove con forza salta a tapa, co cal é un perigo evidente.

Continúa dicindo que quere aproveitar para felicitar ao Sr. alcalde porque fixo unhas incorporacións ao equipo de goberno que veñen frescos, con ganas de traballar. Di que, de feito, non sae dou seu asombro que o peso deste pleno está a levalo o socio de goberno, e o Sr. alcalde e os concelleiros do seu grupo aínda non abriron a boca, e que iso non deixa de ser sorprendente.

3ª Diversas zonas de Cambre sufren a acción dos graffitis, incluso o cemiterio municipal está gravemente afectado. Despois de preguntarlles sobre estes actos vandálicos en varias ocasións, pensan facer algo?

O Sr. alcalde contesta que é un problema grande e grave, e que están comezando a recibir cartas de veciños, xa non só por temas municipais, senón tamén particulares. Di que dentro das súas posibilidades, van empezar a abordar todo o que está en edificios municipais. Van intentar actuar a través da información que a Policía Local xa está recabando e recollendo, pero é difícil coller a esa xente.

Pensa que, talvez, deberían ver a posibilidade de delimitar algunhas zonas onde puideran levar a cabo os graffitis, buscar espazos onde esa xente poida facer algo, algo bo, non se refire aos que pintan por pintar.

Conclúe dicindo que, en todo caso, no que son os edificios municipais van comezar a traballar coa brigada para eliminar os danos.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 12458 o día 19 de setembro de 2009.

1ª No pasado mes de xaneiro o noso grupo presentaba unha moción sobre a dotación de infraestruturas deportivo-culturais para os veciños/as de Cela, consistente nun principio na adquisición dos terreos imprescindibles para o mencionado fin.

Ante a falta de información respecto do tema o noso grupo fai a seguinte pregunta:

Que xestións ten realizado o goberno local respecto da finalidade que se pretende?

O Sr. alcalde contesta que se puxeron en contacto coa Fundación Tenreiro, que son os donos do terreo. Di que realmente son dous terreos, un de 417 metros e outro de 1966 metros, e teñen unha valoración feita polo arquitecto municipal, polos 2383 metros, que é a superficie total dos dous terreos, de 47.000 euros. Solicitaron unha entrevista co presidente da fundación, para o mes de outubro, para ver se o que propoñen vai acorde co que piden.

Conclúe dicindo que, en canto teñan máis información, llela dará.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta o seu desexo de que este tema se axilice en beneficio dos veciños de Cela, que o merecen.

2ª Recentemente saíu publicada unha resolución do departamento territorial da Consellería de Economía e Industria, pola que se somete a información pública a petición de autorización, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, sobre o aproveitamento hidroeléctrico do encoro de Cecebre, co fin de instalar un grupo xerador de enerxía.

Pode informarnos o goberno do proxecto mencionado?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o concello tomou parte nese proceso de exposición pública e presentou unha alegación a esa declaración. Di que a alegación vai no sentido de pedir a declaración de caducidade da concesión e que se denegue a autorización administrativa para esta explotación, entendendo que o concello debe ter prioridade á hora de adjudicar ese tipo de concesións. O concello, como entidade pública, e ao estar situado no seu territorio, debe ter prioridade.

En canto ás características do proxecto, di que se fala dun salto duns 100 metros, dun caudal de 9000 litros/segundo, e dun grupo xerador formado por unha turbina cunha potencia máxima de 1130 cabalos por un caudal, como xa dixo, de 9 m<sup>3</sup>/segundo.

O Sr. alcalde manifesta que se lles facilitará unha copia da alegación a todos os grupos.

3ª No transcurso da presente lexislatura foron moitos os casos de denuncias polo vertido de augas contaminadas aos nosos ríos, así como tamén a existencia de vertedoiros incontrolados nas súas proximidades. No pleno do mes de marzo pasado o noso grupo presentaba unha iniciativa denunciando vertidos nun pozo nas cercanías do polígono do Espírito Santo, e solicitaba a instalación dunha varanda de protección.

Ten realizado o goberno algunha investigación ou xestión sobre o asunto?

Existe algún informe dos técnicos municipais?

Tense realizado algunha investigación sobre os vertidos e a súa procedencia?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, efectivamente, hai unha denuncia sobre o regato da Gándara no polígono, pero non ten a información completa de como seguiu o expediente adiante.

Di que no Temple, que é onde máis fincapé se fixo durante toda a lexislatura, fíxose unha campaña analítica de vertidos; fixéronse catro expedientes para a localización de conexión de fecais á rede de pluviais; fíxose unha campaña de inspección con videocámara robotizada para localizalas; fíxose unha campaña de renovación de redes antigas, concretamente cinco proxectos, un dos cales é do que falamos antes que se ía acometer agora, non de renovación do saneamento, pero si da localización de conexións ilegais de fecais a pluviais na rúa Pígara; e hai outros dous proxectos aprobados pola Xunta, que é a mellora do bombeo no Temple e a renovación do colector xeral do Paseo dos Templarios.

Continúa dicindo que, de todas formas, queda moito por facer, porque hai unha serie de lugares onde puntualmente se producen vertidos, pero nos que é dificilísimo, incluso despois de todo ese labor de investigación, localizar a procedencia exacta. Di que están elaborando un protocolo, un plan de actuación, para localizar eses vertidos puntuais e, en moitos casos, haberá que entrar nos garaxes ou sotos dos edificios, porque é deses sitios de onde proveñen, e tomar as medidas que hai que tomar. Esa é unha fase na que están traballando para desenvolve-la nun futuro inmediato.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que agradece as explicacións, pero que xa, máis ou menos, están enterados das medidas que se están tomando ao respecto. Di que el se refería a un tema ao que xa fixo mención noutras ocasións, trátase dun pozo que existe nas inmediacións do polígono de Espírito Santo, onde conflúen unha serie de tubos e residuos. Non sabe se teñen moito coñecemento de onde está, porque no anterior pleno o Sr. alcalde díxolle que lle ía dar conta ao enxeñeiro técnico para que fora a visitalo, por iso pregunta se se fixo algo, aínda que parece que non, polo que roga que vaian a visitalo, que vexan de onde proceden os vertidos, e de paso, que instalen unha varanda.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que el non sabe exactamente onde é o sitio, pero que os técnicos si o saben. Di que o técnico responsable deste tema, que foi a facer o informe, está nestes momentos de vacacións, polo que el non tivo a oportunidade de recoller toda a información, pero que xa se comprometeu ao principio a recoller toda esa información, a pasárllela, e a atender este asunto e comprobar como está o expediente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que el si lles pode dicir como está ese tema. Di que existe un expediente sancionador de Augas de Galicia ao Concello de Cambre.

### **Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 12462 o día 19 de setembro de 2009.

1ª Despois de que no pasado pleno o Sr. concelleiro de Economía e Facenda, cifrara en 1000 euros o custo de cada pregunta feita polo Partido Galeguista nos plenos celebrados nesta lexislatura, e vistas as propostas que trae o equipo de goberno aos distintos plenos, por exemplo a este. Formulo a seguinte pregunta: En canto cifra o Sr. concelleiro cada proposta que presenta o goberno municipal a pleno?

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que como hoxe non está presente o Sr. concelleiro de Economía e Facenda, o mellor é esperar ao seguinte pleno para que lle conteste.

O Sr. alcalde responde que si quere que lle contesta el, que non hai ningunha valoración económica desas propostas.

Don Manuel Marante Gómez pregunta que, entón, de onde sacou o concelleiro a valoración de 1000 euros por pregunta do Partido Galeguista.

O Sr. alcalde contesta que esa pregunta non lla faga a el.

O Sr. Marante Gómez di que, entón, terá que esperar que veña o Sr. concelleiro e facerlla a el.

O Sr. alcalde dille que se é así, non debería tela formulado.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el presentou estas preguntas o venres pasado, con suficiente antelación, e que a el non lle dixo o concelleiro de Economía e Facenda que ía marchar.

2ª Que xestións se realizaron dende o equipo de goberno en relación cos terreos de Santa María de Vigo que os veciños reclaman como públicos?

O Sr. alcalde contesta que deste tema xa faloron unha ou dous veces, e que no inventario do concello non figura ningún terreo municipal. Di que outra cousa é que, dende o concello, de oficio, e falando coa xente maior da zona, se inicie unha investigación, porque, ao mellor, aínda sendo propiedade privada, se se demostra que un terreo ten sido utilizado durante un montón de anos polos veciños, cabe a posibilidade de que o concello se faga co servizo.

Conclúe dicindo que iso pódese iniciar, pero que ata este momento o concello non ten nada que sexa del.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que iso mesmo foi o que o Sr. alcalde lle contestou cando fixo esta pregunta en abril do ano pasado. Entón xa lle preguntou ao Sr. alcalde se ía facer algún tipo de xestión para recuperar o terreo, e a resposta foi afirmativa, díxose que se ían facer xestións. Agora el pregunta que xestións se fixeron, porque parece que non se fixo ningunha.

O Sr. alcalde di que faloron cos propietarios.

Don Manuel Marante Gómez di que iso xa llo dixo daquela, que tiñan falado, pero que, como sempre pasa con todo, non se fixo nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, como xa fixo no anterior pleno no que o Sr. Marante realizou esta pregunta, quere puntualizar que nas Normas subsidiarias municipais vixentes en Cambre dise que a capela de Sta. Mª de Vigo está anexa a un terreo público, e el con iso o que entende é que linda cun terreo do concello.

O Sr. alcalde responde que pode ser certo que iso figure nas Normas subsidiarias, pero que no inventario de propiedades municipais non consta, e hai uns señores que teñen unha

escritura de propiedade. Di que está estudando o tema o xefe da área de Urbanismo, para ver se a través dun expediente de investigación o concello se pode facer coa propiedade, e que ao mellor figura así nas Normas Subsidiarias, simplemente porque o redactor sempre pensou que era unha praza pública.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia